

XXX

Reclamante: XXX

Expediente. Nº **RSCTG 204/2022**

## **ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por XXX, Federación de Sanidade e sectores sociosanitarios de CCOO de Galicia, mediante escrito do 28 de novembro de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 31 de xaneiro de 2023, adopta a seguinte resolución:

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** XXX, da Federación de Sanidade e sectores sociosanitarios de CCOO de Galicia presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 28 de novembro de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) con data 4 de xullo de 2022, de acceso á Instrución sobre a planificación da autoconcertación de programas asistenciais nos centros das áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde vixente na data de rexistro de tal solicitude, incluído o Anexo I no que se fai referencia ás tarifas abonadas por autoconcertación segundo a especialidade e intervención.

O reclamante indicaba que non obtivo resposta á súa petición, o que supón a vulneración por parte do Servizo Galego de Saúde do dereito fundamental ao exercicio polos sindicatos das funcións que lle son propias.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, acreditando o interesado a requirimento da Secretaría da Comisión da Transparencia de Galicia, con data do 26 de decembro de 2022, XXX.

**Segundo.** Con data do 2 de xaneiro de 2023 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola Administración foi o 5 de xaneiro de 2023.

**Terceiro.** Con data do 24 de xaneiro de 2023, a Consellería remite escrito co que achega oficio da Vicexerencia do Servizo Galego de Saúde remitido ao solicitante, no que informa que non consta a instrución do ano 2022 sobre planificación da autoconcertación de programas asistencias nos centros das áreas sanitarias do SERGAS e se indica o *link* para o acceso ás instrucións e circulares con normas internas de funcionamento. Así mesmo indica que hai liñas de traballo internas na Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria e no SERGAS relacionados coa planificación da actividade asistencial, listas de espera, programas asistenciais etc. necesarias para o exercicio das funcións que lle competen, que considera de carácter auxiliar contida en borradores, comunicacións e informes internos entre órganos do SERGAS, que non teñen tal carácter de instrución e non se poden considerar obxecto de información pública. Consta posta a disposición do solicitante da dita información.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa

tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Sanidade non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, senón que resolveu unha vez que o interesado tiña presentada reclamación contra a desestimación por silencio administrativo ante esta Comisión, polo que polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O sindicato solicitou ao Servizo Galego de Saúde acceso a unha Instrución sobre a planificación da autoconcertación de programas asistenciais nos centros das áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, sen obter resposta.

A Consellería de Sanidade non resolveu en prazo a solicitude de acceso á información, pero ditou resolución expresa que puxo a disposición do interesado con posterioridade a que este presentase reclamación ante esta Comisión, facilitándoselle o acceso á información.

De acordo co anterior, procede estimar por motivos formais a presente Reclamación, sen prexuízo de que si o reclamante o estima conveniente, poida presentar reclamación ante esta Comisión fronte á dita resolución expresa, para que na tramitación da mesma poidan ser analizados os seus argumentos, pronunciándose a resolución que corresponda.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### **ACORDA**

**Único:** Estimar por motivos formais, a reclamación presentada por XXX da Federación de Sanidade e sectores sociosanitarios de CCOO de Galicia con data do 28 de novembro de 2022, contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) con data 4 de xullo de 2022, de acceso á Instrución sobre a planificación da autoconcertación de programas asistenciais nos centros das áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde vixente na data de rexistro de tal solicitude, incluído o Anexo 1 no

que se fai referencia ás tarifas abonadas por autoconcertación segundo a especialidade e intervención.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/2048, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela.

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**